

PALEOLÍTICO-MESOLÍTICO

* **San Roque:** Atopadas pezas achelenses por D. José M. Álvarez Blázquez, e un machadiño raspador de talla bifacial en cuarcita, segundo a referencia recollida de Pedro Díaz Álvarez.

* **Cimadevila :** Unha peza asturiense, segundo Antón Costa Iglesias.

NEOLÍTICO-MEGALÍTICO

* **Praia de Balea :** Un machado pulido.

CALCOLÍTICO

* **Mesa dos Montes** (Serra Madalena) : Atopáronse fragmentos cerámicos do tipo Penha. Localizado por D. Xosé Suárez Mariño.

BRONCE

* **Darbo:** Un machado de dúas anelas.

ARTE RUPESTRE

* **Pinal do Rei :** No lugar de San Pedro, na ladeira sueste do Monte Fentiñas, nunha ampla laxe aparecen gran cantidade de gravados: combinacións circulares, zoomorfos, antropomorfos, asociacións de circos e animais, escenas de monta, e acoso de animais por figuras humanas.

* **Laxe da Chan** (Cimadevilla): No monte do Bispo, no arranque da ladeira do Castelo, preto da estrada (hoxe está valado), nunha rocha aparecen representacións esquemáticas de alabardas enmangadas, cos sinais dos remaches na unión da folla co mango.

* **O Castelo:** Xunto ó cruceiro do Santísimo Cristo do Socorro hai unha laxe con varias combinacións de circos concéntricos.

* **O Lago** (Piñeiro) : Combinacións circulares.

CULTURA CASTREXA

* **O Castelo :** Localízase por riba de Cimadevilla, nunha cota de 244 mts., na ladeira norte do Pico Castelo.

A zona habitacional atopase entre dous outeiros cun desenrolo de terrazas en tres niveis, presentando no seu lado norte dous parapetos defensivos. Documentáanse desde fai tempo achados de cerámicas castrexas e algúns muros foron postos ó descuberto por unha pista que atravesa a terraza inferior. Esta pista ademais cortou un dos parapetos, que ten unha anchura de 4 metros e unha altura de 3, e está formado por dous muros de mampostería separados por unha zona rechea de terra.

Na zona mais alta do monte, construíuse na Idade Media unha torre ou castelo que foi derruído con posterioridade nas guerras irmandiñas.

* **Cunchido** : Na zona alta da praia de Sta. Marta, preto de Liméns. Segundo as referencias recollidas cando se construíron chalés neste monte, nalgúns zonas apareceron soterrados muros de mampostería e cerámica castrexa dabondo.

CULTURA GALAICO-ROMANA

* **Castro Castelo**: Apareceron entre a cerámica recollida anacos de ánfora e cerámica común romana. Recentemente localizouse un ara que conserva parte do epígrafe: C.BE

Téñense referencias sobre da existencia dun fragmento superior doutra ara, e nas prospeccións realizadas, cando apareceu a primeira, localizáronse ó menos outras dúas moi deterioradas e fragmentadas.

(De: Traballos de Arqueoloxía I. 1987)

OUTROS MONUMENTOS

- * **Igrexa de Santa María.** (S. XVII)
- * **Capela da Madalena.** Prerrománica, situada preto da estrada que vai cara Bueu.
- * **Capela de Santa Marta.**
- * **Capela de San Roque.**
- * **Capela de San Pedro.**
- * **Cruceiros** da Laxe, Cruz de Castro, Cruceiro de Cimadevila, de San Roque.
- * **Peto de Ánimas da Madalena.** (1.727?)
- * **Pazo da Granxa.**
- * **Fontes** : do Adro, San Roque, Seixo,
- * **Muíños** : no río Postillón,
- * **Castelo** do séc. XII, derrubado no século XV, durante a segunda guerra irmandiña.